

LEMOS para descubrir o final, por mor da historia.

Lemos sen afán de alcanzalo, por mor da lectura mesma.

Lemos minuciosamente, esquecidos do que nos rodea.

Lemos distraídamente, saltándonos páxinas.

Lemos despreciativamente, con admiración, de xeito negligente, apaixonados, envexosos, anhelantes.

Lemos con refachos de repentino goce, sen saber o que provocou ese pracer.

Lemos en longos e lentos movementos, como flotando no espazo, ingrávidos.

Lemos cheos de prexuízos, maliciosamente.

Lemos xenerosamente, atopando escusas para o texto, enchendo baleiros, corrixindo faltas.

E, ás veces, cando as estrelas sonnos propicias, **lemos** contendo a respiración, estremecéndonos, coma se alguén ou algo "camiñase sobre a nosa tumba", como se, de súpeto, recuperásemos un recordo saído no fondo de nós mesmos: o recoñecemento de algo que ignorabamos ata entón que se achase aí, ou de algo que vagamente sentimos como un chispazo ou unha sombra, pero facéndonos máis vellos e máis sabios.

Quizá puidese vivir sen escribir.


Non creo que puidese vivir sen ler.

Unha historia da lectura

Alberto Manguel



BOLETÍN INFORMATIVO nº 7 novembro 2007



O sangue que circula polo interior das letras, das palabras, é absorbida por unha mente, que a súa vez lle entrega todo o que sabe e o que chegou a ser nesta vida. E por iso a lectura é o único caso de dobre vampirización do que todos saímos fortalecidos, co corazón máis forte, e máis xóvenes.

Clara Sánchez

LER XUNTOS... LER NA CASA

CARTA ÁS FAMILIAS

Por segundo ano consecutivo, o noso instituto foi incluído no PLAN de MELLORA de BIBLIOTECAS ESCOLARES, promovido pola Consellería de Educación o que nos permite continuar desenvolvendo as actividades e proxectos iniciados no curso pasado, que inciden na formación do alumno e que implican a toda a comunidade educativa.

Dentro do PLAN DE LECTURA do centro seguimos coa posta en práctica da **HORA DE LER** adicándolle á lectura un tempo específico no horario escolar de **quinze minutos** os **luns, martes e mércores** despois do recreo, en **tódalas materias e en tódolos niveis da etapa**.

A lectura **individual, silenciosa e elexida libremente** polo alumn@ pretende crear e potenciar o hábito lector.

Relacionado con esta práctica impulsaremos a formación de **seccións de documentación** nas aulas específicas (bibliotecas de aula), para poder ofertar ó alumnado recursos cos contidos propios de cada área, que lle permitan seleccionar as lecturas con criterios de calidade e profundizar nas mesmas.

É importante crear un bo clima que favoreza á lectura. Por iso, dende o instituto queremos buscar a vosa implicación e vos propoñemos **LER na CASA**, disfrutar as lecturas cos fillos, comentalas... Trátase de compartir un pouco do voso tempo.

Con este fin poñeremos en marcha unhas **maletas viaxeiras** con recursos variados (libros, películas, música...) que irán chegando ás casas dos alumnos de 1º ESO.

Dispoñemos tamén dunha **sección de Biblioteca de Pais** na sala de titoría con **autopréstamo**.

O noso catálogo pódese consultar na rede e facer reservas dende casa en: www.opacmeiga.rbgalicia.org

Un saúdo.

O Equipo Directivo.

O Equipo da Biblioteca.



Compartir lecturas cos fill@s é unha excelente maneira de achegarnos máis a eles, coñecer mellor o seu mundo e enriquecer a conversación, creando un espazo de diálogo. Por iso, a lectura debe formar parte da vida familiar.

Se os nosos fill@s nos ven lendo é posible que sentan curiosidade por saber que conteñen eses libros.

O costume de ir de librerías ou ás bibliotecas é unha boa práctica, así como dispoñer dun espazo na casa para a biblioteca familiar.

Suscribirse a unha publicación, impresa o virtual; nalgúns páxinas de Internet pódese ler textos e tamén escribir ou compartir lecturas con outros lectores.

Cando consideramos que a compra de libros non é algo excepcional pasando a formar parte dos gastos necesarios para a formación.

Por outra banda, ler non é unha perda de tempo; tampouco debe converterse nun castigo nin inimigo do televisor. É unha opción máis de ocio, que pode complementarse co cine e a música.

Saber que tódolos libros non lles gustan ás mesmas persoas. Non insistir aos fill@s que lean o mesmo que nos pode interesar a nós.

Para saber máis:

www.sol-e.com

www.leerenfamilia.com

www.epdlp.com (el poder de la palabra)

www.solohijos.com